

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



VIOLONCELLO

CURSO 2021-2022

PROF. ISABEL GUDE GARCÍA

Índice

1. Introducción	4
1.1. Marco legal.....	4
1.2. Características do centro e do alumnado.....	6
2. Metodoloxía	6
3. Atención á diversidade	8
4. Temas transversais	10
4.1. Educación en valores.....	10
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.....	11
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	12
6. Grao Elemental	13
6.1. PRIMEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL	14
6.1.1. Obxectivos.....	14
6.1.2. Contidos.....	15
6.1.3. Criterios de avaliación.....	16
6.1.4. Contidos mínimos esixibles.....	17
6.1.5. Materiais didácticos orientativos.....	17
6.2. SEGUNDO CURSO DE GRAO ELEMENTAL	18
6.2.1. Obxectivos.....	18
6.2.2. Contidos.....	19
6.2.3. Criterios de avaliación.....	20
6.2.4. Contidos mínimos esixibles.....	21
6.2.5. Materiais didácticos orientativos.....	21
6.3. TERCEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL	22
6.3.1. Obxectivos.....	22
6.3.2. Contidos.....	23
6.3.3. Criterios de avaliación.....	24
6.3.4. Contidos mínimos esixibles.....	25
6.3.5. Materiais didácticos orientativos.....	26
6.4. CUARTO CURSO DE GRAO ELEMENTAL	26
6.4.1. Obxectivos.....	26
6.4.2. Contidos.....	27
6.4.3. Criterios de avaliación.....	29
6.4.4. Contidos mínimos esixibles.....	30
6.4.5. Materiais didácticos orientativos.....	30
7. Grao Profesional	31
7.1. PRIMEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL	32
7.1.1. Obxectivos.....	32
7.1.2. Contidos.....	32
7.1.3. Criterios de avaliación.....	34
7.1.4. Contidos mínimos esixibles.....	35
7.1.5. Materiais didácticos orientativos.....	35
7.2. SEGUNDO CURSO DE GRAO PROFESIONAL	36
7.2.1. Obxectivos.....	36
7.2.2. Contidos.....	36
7.2.3. Criterios de avaliación.....	37
7.2.4. Contidos mínimos esixibles.....	39
7.2.5. Materiais didácticos orientativos.....	39
7.3. TERCEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL	40
7.3.1. Obxectivos.....	40
7.3.2. Contidos.....	41

7.3.3. Criterios de avaliación.....	42
7.3.4. Contidos mínimos esixibles.....	43
7.3.5. Materiais didácticos orientativos.....	43
7.4. CUARTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	44
7.4.1. Obxectivos.....	44
7.4.2. Contidos.....	45
7.4.3. Criterios de avaliación.....	46
7.4.4. Contidos mínimos esixibles.....	47
7.4.5. Materiais didácticos orientativos.....	48
7.5. QUINTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	49
7.5.1. Obxectivos.....	49
7.5.2. Contidos.....	50
7.5.3. Criterios de avaliación.....	51
7.5.4. Contidos mínimos esixibles.....	52
7.5.5. Materiais didácticos orientativos.....	52
7.6. SEXTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	53
7.6.1. Obxectivos.....	53
7.6.2. Contidos.....	54
7.6.3. Criterios de avaliación.....	56
7.6.4. Contidos mínimos esixibles.....	57
7.6.5. Materiais didácticos orientativos.....	57
8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	58
8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	59
8.2. Criterios e porcentaxes de cualificación.....	59
8.3. Criterios e procedemento para a concesión de ampliación de matrícula.....	61
8.4. Medidas de recuperación.....	62
8.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios.....	62
8.4.2. Probas extraordinarias	63
8.4.3. Procedementos de avaliación no caso da perda do dereito á avaliación continua.....	63
9. Procedementos para a avaliación interna do departamento.....	63
10. Anexos.....	64
10.1. Proba de acceso ao 1º curso de grao profesional.....	64
10.2. Probas de acceso a 2º, 3º e 4º de grao elemental.....	65
10.3. Probas de acceso de 2º a 6º de grao profesional.....	65
10.4. Premios fin de grao.....	66

1. Introducción

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de VIOLONCELLO durante os catro cursos do Grao Elemental e os seis do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida.

1.1. MARCO LEGAL

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e

de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO

O conservatorio está situado no concello da Estrada a 25 km de Santiago de Compostela. A Estrada é un concello de preto de 22. 000 habitantes, divididos en 51 parroquias que, exceptuando a parroquia da Estrada, son de ámbito rural. Desenvolve a súa actividade económica no sector servizos e sobre todo nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Por outra banda, a área de influencia do centro esténdese a un conxunto de comarcas lindantes e núcleos nas aforas, algúns deles pequenos, dispersos e de poboación máis reducida, dos que proceden unha parte dos alumnos. A Comarca de Tabeirós-Terra de Montes en xeral e A Estrada en particular, goza dunha gran tradición cultural e musical. A Banda Municipal da Estrada conta con máis de 140 anos de historia nutríndose hoxe en día con practicamente a totalidade dos seus músicos formados ou formándose no noso conservatorio. Ademais outras agrupacións de distintas tradicións, grupos de música moderna, agrupacións de música tradicional, orquestras, charangas, bandas de música de concellos limítrofes, etc. nótrense, tamén, de músicos formados no Conservatorio da Estrada. A proximidade a Santiago de Compostela e que esta sexa unha cidade de enorme tradición universitaria tamén condiciona que moitos alumnos poidan cursar ao mesmo tempo unha carreira universitaria e os estudos de música.

2. Metodoloxía

Como corresponde ao desenvolvemento dun currículo aberto, os aspectos relativos ao cómo ensinar non teñen un carácter normativo e os métodos de ensino son en gran medida responsabilidade do profesor. Así pois, pretendemos aquí expoñer as directrices que seguiremos no desempeño do noso labor pedagóxico.

Desde o momento no que o alumno inicia a súa aprendizaxe, no primeiro curso de Grao Elemental, o docente aplica un sistema pedagóxico baseado na aprendizaxe significativa, de modo que o alumno sempre poida relacionar os seus coñecementos previos cos novos a adquirir.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios que rexirán na elaboración desta programación didáctica e na actividade docente, dotándoa deste modo de coherencia e sentido, serán:

- Actividade: o carácter instrumental da especialidade require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoo vai implícito no noso ensino.
- Autonomía: o alumnado será orientado nas clases individuais e nos ensaios colectivos, desenvolvendo a autonomía do traballo e a toma de decisións. Utilizaranse técnicas e estratexias que fagan que a transmisión de coñecementos resulte prazenteira para o docente e interesante para o alumno, favorecendo deste xeito unha participación activa do mesmo e fomentando a aprendizaxe en por sí ou de modo autónomo.
- Creatividade: trataremos sempre, mediante a práctica musical, de estimular a creatividade a partir da utilización da imaxinación, interiorizando o fenómeno sonoro e conectándoo con outras experiencias de tipo multisensorial. Inclúense actividades que estimulen o pensamento (exercicios, traballos, investigacións, etc.) ou ben a composición e os procesos improvisatorios.
- Individualización: a nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se poida ter en conta a dimensión persoal e afectiva-social de cada alumno ou alumna, valorando os avances que realice desde os seus coñecementos iniciais (detectados na avaliación diagnóstica) e tendo en conta as súas capacidades.
- Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas: co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- Convivencia: fomentárase a socialización nun clima de cordialidade e respecto entre o alumnado ademais de potenciando as relacións do grupo entre sí e o traballo en equipo (a través da clase colectiva), facilitando na medida do posible o seu contacto co exterior (asistencia a audicións, concertos, saídas didácticas, etc.).
- Significación: esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que é útil noutras situacións e poderá ter unha aplicación real. Asimesmo, tentaremos establecer obxectivos que correspondan á capacidade real do alumno, con suficiente grao de novidade e dificultade para que estimulen a súa curiosidade, utilizar unha linguaxe comprensible, estimular o reto da auto-superación, utilizar reforzos positivos e negativos en función da situación, fomentar a participación nas clases colectivas e desenvolver actitudes positivas ante a actuación en público.
- Interdisciplinabilidade: a relación da aprendizaxe do instrumento con outras materias do curriculum adquire nos ensinos de Conservatorio unha importancia funda-

mental xa que todas as materias están conectadas e teñen puntos en común, polo que se fomentará unha aprendizaxe global e funcional. Desde o inicio orientarase o estudo a partir dunha actitude analítica, tratando de relacionar a partitura co fenómeno musical que encerra. Fomentaremos no alumno unha escoita crítica e responsable, potenciando o esforzo e o afán de obter o máximo de si mesmo, así como actitudes adecuadas que se correspondan cunha materia de índole práctica que incide enormemente na educación do espírito e o intelecto.

3. Atención á diversidade

A atención á diversidade derívase do concepto de atención ás necesidades educativas especiais, na medida en que todos somos diferentes, somos diversos, non aprendemos da mesma forma e necesitamos unha atención diferente. Estas diferenzas veñen determinadas por variables como as capacidades, as estratexias cognitivas, a atención, os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, a motivación, o axuste emocional, a integración social, etc. Neste sentido, tamén se expresa o concepto de atención ou educación individualizada, referida á necesidade de que cada alumno poida desenvolver as súas capacidades ao máximo e de forma persoal.

Na aula de violoncello, deberá adaptarse o exercicio diario ás condicións específicas de cada alumno, coa finalidade de dar unha resposta educativa o máis adecuada posible ás súas necesidades. Por esta razón, os obxectivos deberán adaptarse ás situacións concretas segundo se considere oportuno, do mesmo xeito que poderá ser necesario retomar, reforzar ou prolongar determinados contidos. En definitiva, o profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ben desenvolver outras novas en función da adaptación do alumno.

Unha ferramenta fundamental na determinación e orientación das medidas de adaptación, reside na **acción tutorial**. Tendo en conta a dificultade e especificidade dos estudos realizados no Conservatorio, a colaboración das familias é determinante para conseguir un desenvolvemento óptimo do alumno. Unha información ampla sobre as características e esixencias de cada materia e unha adecuada comunicación periódica e fluída, con entrevistas habituais cos pais, son a base para poder establecer as condicións máis adecuadas para o desenvolvemento do proceso didáctico. Así mesmo, establecerase unha comunicación constante cos compañeiros de claustro, profesores implicados na educación do alumno de maneira que se poidan obter datos relevantes que permitan en

caso necesario reorientar a actividade formativa e levar a cabo as adaptacións que sexan necesarias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder as situacións extremas da diversidade do alumnado:

- **Reforzo educativo:** trátase dunha medida de atención á diversidade dirixida especialmente a aqueles alumnos que presentan dificultade ou baixo nivel. Pódese entender como un esforzo adicional que precisa realizar un alumno temporalmente ao non superar algúns dos contidos propostos. Dadas as características do centro e as particularidades da materia, non se contempla a posibilidade de realizar apoios fose da aula e a cargo dun especialista (como o profesorado de Pedagogía Terapéutica), senón que se realizarán na aula co profesor de violín. O reforzo pode consistir en: a realización dunha serie de traballos (fose do horario de clase) de consolidación dos contidos esixibles ou o establecemento dun horario de resolución de dúbidas ou de revisión de tarefas (por exemplo, minutos antes ou despois doutra clase á que o alumno deba acudir ao Conservatorio).
- **Adaptacións curriculares individualizadas:** esta medida de atención á diversidade supón a modificación dalgúns elementos do currículo. Estas adaptacións poden ser de dous tipos: non significativas e significativas. Ocuparémonos nesta programación das adaptacións curriculares non significativas, dado que as significativas supoñen modificar elementos básicos do currículo, actuación que debe ser levada a cabo con coñecemento do departamento didáctico e de inspección educativa, así como realizarse de acordo a unha previa avaliación psicopedagóxica.

A diferenza do reforzo educativo, unha adaptación curricular non significativa realízase previamente á impartición dos contidos coa finalidade de adiantarse á aparición dos problemas prevendo (dada a capacidade do alumno, coñecida a través da avaliación diagnóstica) que dita actuación será necesaria para eses contidos concretos. Unha adaptación curricular non significativa pode afectar:

- **Á metodoloxía**, utilizando as estratexias máis adecuadas ao alumno, orientando o seu estudo cara aos aspectos máis apropiados, proporcionando os materiais ao alumnado, etc.
- **Ás actividades**, deseñando algunhas específicas, diminuíndo ou aumentando o seu número, establecendo diferentes graos de consecución, etc.

- **Á avaliación**, empregando ferramentas de avaliación diferenciadas, eliminando ou introducindo determinadas probas, etc.

A posible adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar, en calquera caso, os mínimos esixibles fixados na programación.

4. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo dos ensinos de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do lecer, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.

- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- A **educación moral e cívica** abordarámola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais. Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

O centro conta con equipos informáticos con conexión a internet, así coma WIFI para alumnos e profesores. Para a materia de violoncello, a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, procura de partituras, arquivos de audio, vídeos ou libros especializados.

Coa aplicación das TIC's preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- **Desenvolver a autonomía persoal:** A información proporcionada pola rede permite coñecer e contrastar un gran número de versións musicais e coñecer profesores e virtuosos das distintas especialidades instrumentais ca posibilidade de establecer contacto e obter asesoramento. Outro factor importante é que permite coñecer novas formas de empleabilidade relacionadas co campo musical ou información de relevancia respecto ó acceso a estudos superiores. O alumnado debe aprender a seleccionar a información recadada na rede e así tomar as súas propias decisións para continuar o seu proceso educativo e profesional.
- **Coñecer a realidade musical actual:** A través da rede o alumnado atópase en contacto coas noticias de actualidade, ben a través de blogs de solistas e profesorado, de coaching musicais, gravacións recentes, e diferentes portais sobre programas de estudos no estranxeiro. O propio Centro, a través de aplicacións como

youtube difunde as súas actividades como audicións do alumnado, concertos e cursos.

- **Aprender a manexar novas aplicacións informáticas musicais** relacionadas ca edición da escritura musical, a gravación, a edición, e a mestura de audio.

Segundo está recollido nos documentos organizativos do Centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sempre con fins didácticos.

Asemade, o profesorado poderá empregar e autorizar ao alumnado o uso co móvil ou tablet de programas ou aplicacións informáticas tales como metrónomos, afinadores, ou similares.

Finalmente, o profesorado poderá empregar, sempre dacordo co alumnado e os seus pais/nais/titores legais, o teléfono móvil ou tablet para a grabación de resúmenes da clase, exercicios e pasaxes de repertorio, e indicacións para a práctica semanal. Estas grabacións serán de uso exclusivo entre o profesorado, e o alumnado e os seus pais/nais/titores legais, previa autorización.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades cumpren diversas funcións:

- Completar a formación dos alumnos.
- Servir de actividades de formación e avaliación.
- Dinamizar e implicar ao alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno.
- Como factor de motivación.

Poderán ser organizadas polo departamento, de xeito interdisciplinar con outros departamentos ou en colaboración con outras institucións externas ao Centro. Serán programadas ao comezo do curso e consistirán en:

- Audicións, exposicións, proxeccións, concursos ou conferencias.
- Organización de agrupacións de alumnos.
- Intercambio con outros centros ou viaxes de estudos.
- Cursos de formación.
- Asistencia a concertos fora do centro.

6. Grao Elemental

No Anexo II do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, establécense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se basa a presente programación.

O grao elemental, de catro cursos de duración, preséntase como unha etapa de vital importancia no desenvolvemento do futuro instrumentista, entre outras razóns, porque é ao longo deste período cando quedarán sentadas as bases dunha técnica correcta e eficaz. Nesta programación pártese da premisa realista de que nesta fase de aprendizaxe, a vocación musical do alumno, na maioría dos casos, non estará claramente definida, polo que resultará especialmente importante presentar os contidos da materia do modo máis atractivo e estimulante posible, tratando de espertar no alumno un verdadeiro interese pola tarefa proposta.

Simultaneamente á aprendizaxe instrumental, o alumno aprende a entender correctamente o texto musical e as súas estruturas máis básicas. Así mesmo, hase de tratar que aos poucos poida comprender o sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético e deste xeito poder expresarse con sensibilidade artística.

Será tamén especialmente importante nesta etapa de aprendizaxe que o alumno aprenda a valorar a importancia que ten a memoria na súa formación como intérprete e para o desenvolvemento das súas capacidades intelectuais.

Finalmente, considerouse fundamental fomentar desde o comezo a práctica musical en conxunto como vehículo motivador e socializador e como preparación para a súa participación en futuras agrupacións camerísticas e orquestrais.

6.1. PRIMEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

6.1.1. Obxectivos

Ao tratarse do primeiro contacto do alumno co instrumento, este primeiro curso ten un carácter preliminar ou preparatorio. O principal obxectivo do curso é preparar física e psicolóxicamente ao alumno para unha mellor asimilación dos principios técnicos do violoncello.

- Coñecer de forma xeral as unidades elementais que forman o violoncello e o arco.

- Conseguir que o alumno aprenda a soste adecuadamente e con soltura o violoncello e o arco, desenvolvendo unha posición cómoda e un equilibrio corporal adecuado.
- Conseguir distinguir as divisións básicas do arco e a distribución correcta do mesmo e coñecer golpes de arco elementais: detaché, legato, portato e staccato.
- Aprender unha técnica correcta do brazo dereito para a realización do cambio de corda e o bariolage.
- Colocar correctamente a man esquerda, chegando a alcanzar certa flexibilidade e soltura e conseguir unha boa articulación dos dedos na 1ª posición.
- Coñecer as escalas de Sol M e Re M nunha oitava e Do M nunha e dúas oitavas e os seus arpexios e tocalas perfectamente afinadas.
- Tocar pezas simples, obtendo un son homoxéneo e controlado, coñecendo e utilizando diferentes compases, figuras e dinámicas.
- Conseguir tocar correctamente dobres cordas (en cordas ao aire).
- Aprender a tocar en grupo, con ritmo e afinación correctos, pezas do nivel adecuado.
- Conseguir interpretar de memoria pezas curtas do nivel adecuado.
- Conseguir que o alumno coñeza as normas de protocolo á hora de actuar en público.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.
- Coñecer os principios básicos do estudo do violoncello e aplicarlos á práctica diaria.
- Desenvolver a conciencia da importancia da música como linguaxe artística e forma de comunicación social.
- Fomentar o desenvolvemento creativo do alumno.
- Desenvolver a responsabilidade no traballo, xa sexa individual ou colectivo.

6.1.2. Contidos

- Partes do violoncello e do arco. Coidado do instrumento.
- Posición correcta do corpo: relaxada, cómoda e equilibrada.

- Divisións elementais do arco: arco enteiro, metade superior, metade inferior, punta, centro e talón.
- Fundamentos da condución do arco e da produción do son. Golpes de arco elementais: detaché, legato, portato e staccato. Cambios de corda.
- Uso de diferentes patróns rítmicos.
- Colocación correcta da man esquerda.
- Coordinación e independencia de ambos os brazos.
- Escalas e arpexios: Sol M e Re M nunha oitava e Do M nunha e dúas oitavas.
- Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, tanto en pizzicato como con arco.
- Compases básicos: 2/4, $\frac{3}{4}$, 4/4, 2/2 e se é posible 3/8 e 6/8
- Práctica de dobres cordas (en cordas ao aire),
- Coñecemento e práctica de diferentes figuras (redonda, branca, negra, corchea e branca con puntillo) e combinacións das mesmas.
- Práctica de formas sinxelas de bariolage.
- Control permanente da afinación, ritmo e calidade de son.
- Desenvolvemento do oído interno e a súa aplicación na afinación.
- Relación entre escritura musical e execución instrumental. Comprensión de estruturas formais como motivos, frases, etc., así como elementos básicos e dinámica e agónica.
- Práctica en grupo (clases colectivas). Desenvolvemento da capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros. Reforzo da técnica básica mediante a práctica en grupo.
- Adestramento constante e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- Normas de protocolo e actuación en público. Saúdos e posicións de descanso e espera.
- Participación activa en audicións públicas.
- Principios básicos para o bo aproveitamento do tempo de estudo diario.
- Importancia da práctica diaria, consciente e responsable.
- Importancia da música como linguaxe artística e forma de comunicación social.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Colocación do violoncello e toma do arco. Introducción á colocación da man esquerda e preparación para as escalas e arpejos nunha oitava, en pizzicato. O violoncello e as súas partes, o seu coidado. Como estudar: principios básicos do aproveitamento do estudio. Interpretación de algunhas pezas.
- 2º trimestre: Divisións elementais do arco: metades, terzos, arco enteiro. Escalas e arpejos nunha oitava. Clases colectivas: Como tocar en grupo: capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros. Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades estudadas, preferiblemente de memoria.
- 3º Trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades estudadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con boa afinación, ritmo e calidade de son correctos. Fundamentos da condución do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martellé e staccato. Escalas e arpejos cos golpes de arco básicos. Preparación de exercicios para estudar no verán con unha planificación clara para que o alumno adquira bos hábitos de estudio.

6.1.3. Criterios de avaliación

- Demostrar o coñecemento xeral do instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- Adoptar unha correcta posición corporal e non alterar o equilibrio con posicións forzadas.
- Adquirir unha posición correcta do violoncello e do arco, libre de tensións e que favoreza os movementos de coordinación entre ambos os brazos de modo que se poida tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Comprender e distinguir as divisións do arco e ser capaz de realizar unha correcta distribución do mesmo.
- Demostrar a comprensión e correcta execución de conceptos técnicos tanto do brazo dereito (os golpes de arco elementais: detaché, legato, portato e staccato; suxeición e paso do arco, cambios de corda, bariolage) como da man esquerda (articulación).
- Demostrar a asimilación dos conceptos explicados polo profesor referidos ás diferentes pezas traballadas ao longo do curso e interpretalas con boa afinación, distribución do arco, homoxeneidade de son e fraseo correcto.

- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas de Sol M, Re M nunha oitava e Do M en dúas oitavas e os seus arpejos e totalas perfectamente afinadas.
- Demostrar a correcta execución de dobres cordas (con cordas ao aire).
- Demostrar unha actitude respectuosa e correcta nas clases en grupo.
- Demostrar un progresivo exercicio e desenvolvemento da memoria.
- Demostrar unha actitude positiva nas audicións públicas, así como a asimilación das normas de protocolo e comportamento.
- Demostrar a adquisición de hábitos de estudo correctos e capacidade progresiva de aprendizaxe.
- Demostrar ser consciente da importancia da música como linguaxe artística e forma de comunicación social.
- Demostrar responsabilidade no traballo, xa sexa individual ou colectivo.

6.1.4. Contidos mínimos esixibles¹

- Dúas escalas e arpejos
- 3 - 4 pezas curtas ou estudos (en tonalidades e tempos variados), das cales polo menos unha será interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

6.1.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

- Anderson and Frost: *All for strings* (Vol. 1)
- S. Aplebaum: *String Builder*
- Cello Team string, vol 1
- E. Sassmannshaus: *Früher Anfang auf dem Cello-Band 1*
- J. A. Cabo Dintén: *Iniciación ao violoncel*
- S. Lee: *Método práctico*

Pezas

- Cerviño Loira, Antonio: *Paseniño*
- Nelson, Sheila: *Stepping stones, Easy pieces*

¹A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

- Suzuki, Shinichi: *Cello school* (Vol. 1)
- A. Pejtsik: *violoncello music for beginners*
- B. Martinu: *Suite miniature*
- Outras pezas de nivel similar ou que o profesor considere axeitadas.

Clase colectiva

- Motatu, Demetri: *La clase colectiva*
- Nelson, Sheila: *Technitunes, Together from the start, Tunes for my string orchestra, Stringsongs,*

6.2. SEGUNDO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

6.2.1. Obxectivos

- Conseguir unha óptima colocación do instrumento e unha toma de arco axeitada.
- Conseguir afianzar unha posición corporal cómoda e equilibrada.
- Distinguir as divisións básicas do arco e as combinacións das mesmas para formar esquemas de dinámica de arco máis complexos. Coñecer golpes de arco elementais xa traballados: detaché, legato, portato, staccato e engadir o martellato.
- Coñecer progresivamente as escalas de Do M e Re M en dúas oitavas e Fa M e Sib M nunha oitava e os seus arpejos e tocalas perfectamente afinadas.
- Tocar pezas simples comprendendo e aprendendo a recoñecer as estruturas musicais máis sinxelas.
- Conseguir tocar correctamente dobres cordas con cordas ao aire e introducir o estudo de dobres cordas cunha corda ao aire e outra pisada.
- Aprender progresivamente a afinar o instrumento cos tensores e as clavixas.
- Aprender a tocar en grupo, con ritmo e afinación correctos, pezas do nivel adecuado.
- Conseguir interpretar de memoria pezas curtas do nivel adecuado.
- Iniciar a aprendizaxe dos recursos para a lectura a primeira vista.

- Conseguir que o alumno coñeza e asimile as normas de protocolo á hora de actuar en público.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.
- Coñecer os principios básicos do estudo do violoncello e aplicalos á práctica diaria.
- Fomentar actitudes que fagan posible unha mellora no traballo co instrumento, como a atención, a observación, etc.
- Desenvolver a conciencia da importancia da música como linguaxe artística e forma de comunicación social.
- Desenvolver a responsabilidade no traballo, xa sexa individual ou colectivo.

6.2.2. Contidos

- Posición correcta do instrumento e toma correcta do arco. Control muscular.
- Posición correcta do corpo, cómoda, relaxada e equilibrada.
- Divisións elementais do arco: arco enteiro, metade superior, metade inferior, punta, centro e talón. Combinacións das mesmas para formar esquemas de dinámica de arco máis complicados.
- Continuación do traballo relacionado coa condución do arco e a produción do son. Golpes de arco elementais: detaché, legato, portato, staccato e martellato. Cambios de corda.
- Uso de diferentes patróns rítmicos.
- Colocación correcta da man esquerda
- Coordinación e independencia de ambos os brazos.
- Escalas e arpejos: Do M e Re M en dúas oitavas e La M, Fa M e Sib M nunha oitava.
- Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas e comprensión da súa estrutura formal.
- Compases básicos: 2/4, 3/4, 4/4, 2/2 e introdución doutros como 3/8, 6/8 e 3/2
- Práctica de dobres cordas en cordas ao aire e cunha ao aire e outra pisada.
- Coñecemento e práctica de diferentes figuras (redonda, branca, negra, corchea, semicorchea, branca con puntillo e negra con puntillo) e combinacións das mesmas.

- Práctica de diferentes formas de bariolage.
- Control permanente da afinación, ritmo e calidade de son.
- Desenvolvemento do oído interno e a súa aplicación na afinación.
- Relación entre escritura musical e execución instrumental. Comprensión de estruturas formais como motivos, frases, etc., así como de diferentes elementos de dinámica e agógica.
- Iniciación da aprendizaxe da afinación do instrumento usando os tensores e as clavixas.
- Iniciación á práctica da lectura a primeira vista.
- Práctica en grupo (clases colectivas). Desenvolvemento da capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros. Reforzo da técnica básica mediante a práctica en grupo.
- Adestramento constante e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- Normas de protocolo e actuación en público. Saúdos e posicións de descanso e espera.
- Participación activa en audicións públicas.
- Principios básicos para o bo aproveitamento do tempo de estudo diario.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas. Escalas de Do M en dúas oitavas e Fa M nunha oitava cos seus arpexos. Ritmo e sincronización das dúas mans. Interpretación de algunhas pezas.
- 2º trimestre: Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. Cómo estudar. Organización do traballo na casa. Estruturas formais básicas: ABA, ABCA, ABCB, etc. Escalas de Re M e Si b M en dúas oitavas e La M nunha oitava. Interpretación de algunhas pezas.
- 3º trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Reforzamento da técnica básica por medio da práctica en grupo.

6.2.3. Criterios de avaliación

- Demostrar o coñecemento xeral do instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- Adoptar unha correcta posición corporal e non alterar o equilibrio con posicións forzadas.
- Adquirir unha posición correcta do violoncello e do arco, libre de tensións e que favoreza os movementos de coordinación entre ambos os brazos de modo que se poida tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Demostrar a comprensión das divisións do arco e ser capaz de realizar unha correcta distribución do mesmo e crear diferentes esquemas de dinámica de arco.
- Demostrar a comprensión e correcta execución de conceptos técnicos tanto do brazo dereito (os golpes de arco elementais: detaché, legato, portato, staccato e martellato; suxeición e paso do arco, cambios de corda, bariolage) como da man esquerda (articulación).
- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas de Do M e Re M en dúas oitavas e Fa M, Sib M e La M nunha oitava e os seus arpejos e tocalas perfectamente afinadas.
- Demostrar o coñecemento de sinxelas estruturas musicais.
- Demostrar a correcta execución de dobres cordas con cordas ao aire e se é posible de dobres cordas cunha corda ao aire e outra pisada.
- Demostrar a adquisición de certa destreza ao afinar o instrumento cos tensores e as clavixas.
- Demostrar a asimilación dos conceptos explicados polo profesor referidos ás diferentes pezas traballadas ao longo do curso e interpretalas con boa afinación, distribución do arco, homoxeneidade de son e fraseo correcto.
- Demostrar unha actitude respectuosa e correcta nas clases en grupo.
- Demostrar un progresivo exercicio e desenvolvemento da memoria.
- Demostrar unha actitude positiva nas audicións públicas, así como a asimilación das normas de protocolo e comportamento.
- Demostrar a adquisición de hábitos de estudo correctos e capacidade progresiva de aprendizaxe.

- Demostrar ser consciente da importancia da música como linguaxe artística e forma de comunicación social.
- Demostrar responsabilidade no traballo, xa sexa individual ou colectivo.

6.2.4. Contidos mínimos esixibles²

- Dúas escalas e arpejos.
- 4 - 5 pezas curtas ou estudos (en tonalidades e tempos variados), das cales polo menos unha será interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo

6.2.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

- Feuillard, L. R.: *Méthode pour le Jeune violoncelliste*
- Lee, S.: *Método práctico para violoncello*
- Cello team strings, vol 2

Pezas

- Cerviño Loira, Antonio: *Paseniño*
- Nelson, Sheila: *Waggon wheels, Fast Forward*
- Suzuki, Shinichi: *Cello school (Vol. 1, vol2)*
- Feuillard: *Le jeune violoncelliste 1A, 1B*
- Pejtsik, A.: *Violoncello music for beginners 1, 2*
- B. Martinu: *Suite miniature*
- Outras pezas de nivel similar ou que o profesor considere axeitadas.

Clase colectiva

- Motatu, Demetri: *La clase colectiva*
- Nelson, Sheila: *Technitunes, Together from the start, Tunes for my string orchestra, Stringsongs, More tunes for my string orchestra.*

6.3. TERCEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

²A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

6.3.1. Obxectivos

- Consolidar progresivamente unha óptima colocación do instrumento e unha toma de arco adecuada.
- Conseguir afianzar unha posición corporal cómoda e equilibrada.
- Desenvolver unha correcta técnica para os golpes de arco elementais xa traballados: detaché, legato, portato, staccato e martellato e no seu caso introducir o estudo do spiccato mediante exercicios preparatorios en cordas ao aire.
- Iniciar a aprendizaxe dos cambios de posición.
- Tocar escalas, estudos e pezas en primeira posición (escalas Do M, Re M, La M, Sib M), e en primeira, segunda, terceira e cuarta posicións con cambio de posición (Sol M, Fa M, Mib M en dúas oitavas).
- Introducir a práctica do vibrato.
- Comprender e recoñecer as estruturas das pezas musicais que se traballarán ao longo do curso.
- Conseguir tocar correctamente dobres cordas con cordas ao aire e cunha corda ao aire e outra pisada. Introducir dobres cordas pisadas.
- Conseguir afinar o instrumento cos tensores e as clavixas.
- Aprender a tocar en grupo, con ritmo e afinación correctos, pezas do nivel adecuado.
- Conseguir interpretar de memoria pezas do nivel adecuado.
- Conseguir ler a primeira vista fragmentos sinxelos, acordes ao nivel do alumno.
- Conseguir que o alumno coñeza e asimile as normas de protocolo á hora de actuar en público.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.
- Aplicar os principios básicos do estudo do violoncello á práctica diaria.
- Fomentar o gozar e ao mesmo tempo a responsabilidade, tanto na práctica individual como en conxunto.

6.3.2. Contidos

- Posición correcta do instrumento e toma correcta do arco. Control muscular.
- Posición correcta do corpo, cómoda, relaxada e equilibrada.

- Continuación do traballo relacionado coa condución do arco e a produción do son. Desenvolvemento dunha correcta técnica para os golpes de arco elementais: detaché, legato, portato, staccato e martellato.
- Uso de diferentes patróns rítmicos.
- Colocación correcta da man esquerda.
- Coordinación e independencia de ambos os brazos.
- Os cambios de posición
- Iniciación ao vibrato.
- Escalas e arpejos: en dúas oitavas en primeira posición (Do M, ReM), nunha oitava en primeira posición (Sib M), en dúas oitavas con cambio de posición, en primeira e terceira posición (Mib M e Fa M), en dúas oitavas con cambio de posición, en primeira e cuarta posición (Sol M).
- Interpretación de pezas nas tonalidades citadas e comprensión da súa estrutura formal.
- Práctica de dobres cordas con cordas ao aire e cunha corda ao aire e outra pisada. Introducir dobres cordas pisadas.
- Aumento progresivo da velocidade nos movementos dos dedos da man esquerda.
- Control permanente da afinación, ritmo e calidade de son.
- Desenvolvemento do oído interno e a súa aplicación na afinación.
- A afinación do instrumento mediante o uso dos tensores e as clavixas.
- Relación entre escritura musical e execución instrumental. Comprensión de estruturas formais como motivos, frases, etc., así como de diferentes elementos de dinámica e agónica.
- Continuación da práctica da lectura a primeira vista.
- Práctica en grupo (clases colectivas). Desenvolvemento da capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros. Reforzo da técnica básica mediante a práctica en grupo.
- Adestramento constante e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- Normas de protocolo e actuación en público. Saúdos e posicións de descanso e espera.

- Participación activa en audicións públicas.
- Aplicación dos principios básicos do estudo do violoncello á práctica diaria.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Desenvolvemento da técnica básica do arco. Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, legato, portato, staccato e martellato. Aumento progresivo da velocidade da man esquerda. Iniciación aos cambios de posición e ó vibrato. Escalas en dúas oitavas en 1ª posición e (Do M, Re M) e Sib M nunha oitava. Interpretación de algunhas pezas e estudos.
- 2º trimestre: Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, legato, portato, staccato e martellato, coas súas combinacións. Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices.
- 3º trimestre: Escalas Mib M, Fa M e Sol M en dúas oitavas con cambio a segunda, terceira e cuarta posición Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices. As formas básicas dos movementos de danza: Gavotte, Minuet, etc.

6.3.3. Criterios de avaliación

- Demostrar unha óptima colocación do instrumento e unha correcta toma do arco, libre de tensións e que favoreza os movementos de coordinación entre ambos brazos de modo que se poida tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Adoptar unha correcta posición corporal e non alterar o equilibrio con posicións forzadas.
- Demostrar a comprensión das divisións do arco e ser capaz de realizar unha correcta distribución do mesmo e crear diferentes esquemas de dinámica de arco.
- Demostrar a comprensión e correcta execución de conceptos técnicos tanto do brazo dereito (os golpes de arco elementais: detaché, legato, portato, staccato, martellato; suxeición e paso do arco, cambios de corda, bariolage) como da man esquerda (articulación, comezo de cambios de posición e vibrato).
- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas de Sib M, Fa M e Sol M en dúas oitavas con cambio de posición Re M e Do M en dúas oitavas en primeira posición .

- Demostrar o coñecemento e comprensión das estruturas musicais das pezas traballadas ao longo do curso.
- Demostrar a correcta execución de dobres cordas con cordas ao aire e de dobres cordas cunha corda ao aire e outra pisada.
- Demostrar destreza ao afinar o instrumento cos tensores e as clavixas.
- Demostrar a asimilación dos conceptos explicados polo profesor referidos ás diferentes pezas traballadas ao longo do curso e interpretalas con boa afinación, distribución do arco, homoxeneidade de son e fraseo correcto.
- Demostrar ser capaz de ler a primeira vista fragmentos sinxelos.
- Demostrar unha actitude respectuosa e correcta nas clases en grupo.
- Demostrar un progresivo exercicio e desenvolvemento da memoria.
- Demostrar a asimilación das normas de protocolo e comportamento nas audicións públicas.
- Demostrar a adquisición de hábitos de estudo correctos e capacidade progresiva de aprendizaxe.

6.3.4. Contidos mínimos esixibles³

- Tres escalas e arpejos.
- Tres estudos.
- Tres obras, das cales polo menos unha será interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

6.3.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

- S. Lee: *Método práctico*: leccións en 1ª e noutras posicións (n.º 1, 2, 3, 11, 13...) e as súas escalas
- S. Lee: *Le premier pas*
- L. Feuillard: *Methode pour le jeune violoncelliste*
- Sevcik: *School of bowing technic Op. 2*

Pezas

³A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

- Nelson, *Fast Forward*
- Suzuki, Shinichi: *Cello school (Vol. 2, vol. 3)*
- Pejtsik, A.: *Violoncello music for beginners 1, 2*
- Feuillard: *Le jeune violoncelliste*
- Cerviño Loira, Antonio: *Paseniño*
- B. Martinu: *Suite miniature*
- R. Schumann: *Chant populaire*
- J. Brahms: *Berceuse*
- Outras pezas de nivel similar ou que o profesor considere axeitadas.

6.4. CUARTO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

6.4.1. Obxectivos

- Consolidar unha óptima colocación do instrumento e unha toma de arco adecuada.
- Conseguir afianzar unha posición corporal cómoda e equilibrada.
- Perfeccionar a técnica para os golpes de arco elementais xa traballados: detaché, legato, portato, staccato e martellato e iniciar o estudo do spiccato.
- Desenvolver e perfeccionar os cambios de posición.
- Coñecer as escalas maiores e menores en dúas oitavas con cambios de posición. Iniciar, no seu caso, o traballo de escalas en tres oitavas (Do M).
- Desenvolver e perfeccionar a técnica e a práctica do vibrato con fins expresivos.
- Comprender e recoñecer as estruturas das pezas musicais que se traballarán ao longo do curso. Desenvolver os elementos expresivos básicos da música, adaptándose á obra, ao seu estilo e ás indicacións dinámicas.
- Tocar un programa de obras que permita realizar unha proba de acceso a Grao Profesional.
- Conseguir tocar correctamente dobres cordas pisadas.
- Conseguir afinar o instrumento cos tensores e as clavixas.
- Aprender a tocar en grupo, con ritmo e afinación correctos, pezas do nivel adecuado.

- Conseguir interpretar de memoria pezas do nivel adecuado.
- Conseguir ler a primeira vista fragmentos seleccionados, acordes ao nivel do alumno.
- Conseguir que o alumno coñeza e asimile as normas de protocolo á hora de actuar en público.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.
- Aplicar os principios básicos do estudo do violoncello á práctica diaria.
- Insistir na importancia da preparación consciente da partitura antes da interpretación.
- Fomentar as ideas de respecto aos demais e a seguridade nun mesmo.

6.4.2. Contidos

- Posición correcta do instrumento e toma correcta do arco. Control muscular.
- Posición correcta do corpo, cómoda, relaxada e equilibrada.
- Continuación do traballo relacionado coa condución do arco e a produción do son. Desenvolvemento dunha correcta técnica para os golpes de arco elementais: detaché, legato, portato, staccato e martellato e iniciar o estudo do spiccato.
- Uso de diferentes patróns rítmicos.
- Colocación correcta da man esquerda.
- Coordinación e independencia de ambos os brazos.
- Os cambios de posición.
- Desenvolvemento e perfeccionamento do vibrato.
- Escalas e arpejos maiores e menores en dúas oitavas con cambios de posición ou en posicións fixas (1ª, 2ª ou 3ª) usando diferentes golpes de arco. Iniciación, no seu caso, do traballo de escalas en tres oitavas (Do M).
- Interpretación de pezas de diferentes estilos e comprensión e recoñecemento das estruturas das mesmas. Comprensión dos elementos expresivos da música.
- Práctica de dobres cordas pisadas.

- Aumento progresivo da velocidade nos movementos dos dedos da man esquerda.
- Control permanente da afinación, ritmo e calidade de son.
- Desenvolvemento do oído interno e a súa aplicación na afinación.
- A afinación do instrumento mediante o uso dos tensores e as clavixas.
- Relación entre escritura musical e execución instrumental. Comprensión de estruturas formais como motivos, frases, etc., así como de diferentes elementos de dinámica e agónica.
- Continuación da práctica da lectura a primeira vista.
- Práctica en grupo (clases colectivas). Desenvolvemento da capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros. Reforzo da técnica básica mediante a práctica en grupo.
- Adestramento constante e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- Participación activa en audicións públicas.
- Normas de protocolo e actuación en público. Saúdos e posicións de descanso e espera.
- Aplicación dos principios básicos do estudo do violoncello á práctica diaria.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Aprendizaxe dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas. Técnicas de estudio e memorización. Lectura a primeira vista. Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpejos, con diferentes golpes de arco. Estudio sistemático das catro primeiras posicións. Cambios de posición. Desenvolvemento do vibrato. Perfeccionamento dos golpes de arco. Preparación do repertorio.
- 2º trimestre: Estudio sistemático das catro primeiras posicións. Perfeccionamento dos cambios de posición e desenvolvemento do vibrato. Perfeccionamento dos golpes de arco. Estructuras formais das obras interpretadas polo alumno. Perfeccionamento dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas. Continuación da preparación do repertorio e preparación da proba de acceso a Grao Profesional.

- 3º trimestre: Estudo sistemático das tres primeiras posicións. Perfeccionamento dos cambios de posición e desenvolvemento do vibrato. Perfeccionamento dos golpes de arco. Estruturas formais das obras interpretadas polo alumno. Perfeccionamento dos elementos expresivos básicos da música. Preparación do repertorio e preparación da proba de acceso a Grao Profesional.

6.4.3. Criterios de avaliación

- Demostrar unha óptima colocación do instrumento e unha correcta toma do arco, libre de tensións e que favoreza os movementos de coordinación entre ambos brazos de modo que se poida tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Adoptar unha correcta posición corporal e non alterar o equilibrio con posicións forzadas.
- Demostrar a comprensión e correcta execución de conceptos técnicos tanto do brazo dereito (os golpes de arco elementais: detaché, legato, portato, staccato, martellato e iniciación do estudo do spiccato; suxeición e paso do arco, cambios de corda, bariolage) como da man esquerda (articulación, desenvolvemento e perfeccionamento dos cambios de posición e do vibrato).
- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas maiores e menores en dúas oitavas con cambios de posición ou en posicións fixas (1ª, 2ª, 3ª). Demostrar, no seu caso, a comprensión e execución da escala de Do M en tres oitavas.
- Demostrar o coñecemento e comprensión das estruturas musicais das pezas traballadas ao longo do curso. Comprender e recoñecer as estruturas das pezas musicais que se traballarán ao longo do curso.
- Demostrar coñecer e poder tocar un programa de obras que permita realizar unha proba de acceso a Grao Profesional.
- Demostrar a correcta execución de dobres cordas pisadas.
- Demostrar destreza ao afinar o instrumento cos tensores e as clavijas.
- Demostrar a asimilación dos conceptos explicados polo profesor referidos ás diferentes pezas traballadas ao longo do curso e interpretalas con boa afinación, distribución do arco, homoxeneidade de son e fraseo correcto.
- Demostrar ser capaz de ler a primeira vista fragmentos sinxelos.
- Demostrar unha actitude respectuosa e correcta nas clases en grupo.

- Demostrar un progresivo exercicio e desenvolvemento da memoria.
- Demostrar unha actitude positiva nas audicións públicas, así como a asimilación das normas de protocolo e comportamento.
- Demostrar a adquisición de hábitos de estudo correctos e capacidade progresiva de aprendizaxe.
- Demostrar unha coidadosa preparación da partitura antes da interpretación.
- Demostrar interese e progresión na aprendizaxe tanto individual como en grupo.

6.4.4. Contidos mínimos esixibles⁴

- Tres escalas e arpejos. Poderán incluír cambios de posición e o uso dos diferentes golpes de arco traballados durante o curso.
- Tres estudos.
- Tres obras, das cales polo menos unha será interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

6.4.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

- S. Lee: *Método práctico*: leccións en 1ª e noutras posicións
- S. Lee: *Estudios melódicos e progresivos, vol 1*
- J. Dotzauer: *113 estudos, vol 1*
- Feuillard: *60 estudos do xoven violoncellista*
- Sevcik: *School of bowing technic Op. 2;*

Pezas:

- Suzuki, Shinichi: *Cello school* (Vol. 3)
- Cerviño Loira, Antonio: *Paseniño*
- Feuillard: *Le jeune violoncelliste*
- J. S. Bach: *Minueto* ou *Giga* da 1ª suite para violoncello solo en Sol M
- B. Marcello: *Sonata para cello e continuo en mi b M*
- Vivaldi, A: *Sonata n.º 5 en mi m*

⁴A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

- G. B. Breval: *Sonata en Do M*, 1º movemento
- B. Romberg: *Sonata en Sib M* 1º movemento
- Torelli: *Sonata en Sol M*
- Outras pezas de nivel similar ou que o profesor considere axeitadas.

7. Grao Profesional

Os ensinos artísticos teñen por finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade, así como garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Estes ensinos organízanse nun Grao Profesional de seis cursos de duración.

O estudo da especialidade instrumental actúa como eixo vertebrador do currículo, aínda que, como complemento á individualidade que require o estudo dun instrumento, o currículo alberga materias que transcenden este compoñente unipersonal da práctica musical introducindo elementos colectivos como a orquestra, música de cámara e a práctica musical de conxunto, que actúan como verdadeira ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.

Hase de ter en conta que na formación dun músico, os contidos esenciais están presentes, case na súa totalidade, desde o inicio dos estudos e que o seu desenvolvemento realízase non tanto pola adquisición de novos elementos como pola profundización e desenvolvemento permanente dos xa coñecidos. Cando o alumno comeza o Grao Profesional, xa superou unha etapa: a de adaptación ao instrumento, coñecendo as primeiras dificultades técnicas e as diversas formas de solucionarlas. Trátase agora de perfeccionar as capacidades técnicas para lograr superar maiores problemas e ir evolucionando progresivamente a medida que aumenta o nivel de dificultade.

7.1. PRIMEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

7.1.1. Obxectivos

- Coñecer as características e posibilidades sonoras e técnicas do instrumento e saber utilzalas dentro das esixencias do nivel, xa sexa na interpretación individual como na de conxunto.
- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a concentración e a memoria.

- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Interpretar un repertorio integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde ao curso.
- Perfeccionar os cambios de posición. Dominar ata a 4ª posición e coñecer ata a 5ª e os cambios entre elas. Iniciar o emprego do polgar (polgar no primeiro harmónico natural).
- Afianzar o vibrato, a diferentes velocidades e con diferente amplitude para desenvolver a súa función como elemento expresivo da música.
- Iniciar ou no seu caso afianzar en estudo dos golpes de arco saltados: spiccato e saltillo. Perfeccionar os golpes de arco xa coñecidos.
- Desenvolver progresivamente a velocidade da man esquerda e a coordinación entre ambos os brazos.
- Tocar escalas e arpejos en dúas e tres oitavas, a diferentes velocidades e con diferentes golpes de arco.
- Iniciar ou no seu caso continuar co estudo metódico e sistemático de dobres cordas.
- Conseguir unha interpretación adecuada ao estilo das obras.
- Ler fragmentos a primeira vista adecuados ao nivel do alumno.
- Aprender a estudar con criterio, secuenciando o tempo para resolver problemas técnicos e musicais.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.

7.1.2. Contidos

- Práctica de exercicios de relaxación e control muscular.
- Traballo dos cambios de posición (ata a 5ª posición)
- Desenvolvemento do vibrato.
- Perfeccionamento dos golpes de arco coñecidos. Inicio do estudo de golpes de arco saltados: spiccato e saltillo.
- Acordes de tres e catro notas.
- Coordinación dos dous brazos. Velocidade dos dedos da man esquerda.

- Escalas e arpejos en tres oitavas: Do M e Do m, ligadas de dous en dous, de catro en catro e de oito en oito, con diferentes ritmos, golpes de arco e distribucións de arco e con cambios ata 5ª posición.
- Práctica dos principios da técnica de arco referidos ao control do son: relación co punto de contacto e coa velocidade e presión do arco.
- Iniciación no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Práctica dos harmónicos naturais.
- Estudo e práctica da ornamentación.
- Dobres cordas.
- Desenvolvemento da calidade do son, o fraseo e a afinación.
- Estudo analítico das obras.
- Adestramento da memoria e a lectura a primeira vista.
- Estratexias de aprendizaxe e hábitos de estudo correctos.
- Análise de gravacións da práctica instrumental como medio de observación e valoración da propia interpretación.
- Participación activa en audicións públicas.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto. Saber estudar. O estudo analítico. As 5 primeiras posicións. A escala en tres oitavas: Do M e m. Desenvolvemento do vibrato. Traballo das obras e estudos do repertorio proposto para este curso.
- 2º trimestre: Dobres cordas simples. As 5 primeiras posicións. A escala en tres oitavas, arpejos. Coordinación coa man esquerda. Traballo das obras de repertorio do curso. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.
- 3º trimestre: Perfeccionamento das escalas traballadas con distintos golpes de arco. Traballo das obras e dos estudos do repertorio propostas para este curso. Iniciación ao fraseo e a agónica musical. Traballo sobre os cambios de posición (ata a 5ª posición). A posición de polgar. Perfeccionamento dos golpes de arco. O spiccato e o saltillo.

7.1.3. Criterios de avaliación

- Demostrar un coñecemento completo do instrumento e do arco e das súas posibilidades acústicas. Mostrar unha autonomía cada vez maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Demostrar control da postura corporal, adecuando o esforzo muscular, a respiración e a relaxación ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar unha apropiada aplicación dos aspectos técnicos e musicais aprendidos na execución das obras e estudos que conforman o repertorio do curso.
- Demostrar coñecemento das características propias do estilo das diferentes obras que constitúen o repertorio do curso e transmitilo á interpretación.
- Demostrar a correcta asimilación de conceptos técnicos, referidos tanto ao brazo dereito (suxeición e condución do arco, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.) como ao esquerdo (articulación, cambios de posición, vibrato, dobres cordas, etc.), así como á coordinación de ambos os brazos.
- Demostrar un progresivo desenvolvemento dunha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas e arpexios de Do M e Do m en tres oitavas, ligadas de dous en dous, de catro en catro e de oito en oito, con diferentes ritmos, golpes de arco e distribucións de arco.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio, mostrando progresos na calidade interpretativa.
- Mostrar interese e constancia na preparación das obras e estudos.
- Demostrar ser capaz de ler a primeira vista fragmentos musicais adecuados ao nivel do alumno, con fluidez e comprensión.
- Demostrar ser capaz de memorizar e interpretar, previa análise dos elementos formais, textos musicais do repertorio.
- Demostrar unha actitude positiva nas audicións públicas, interpretando un programa adecuado ao nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

7.1.4. Contidos mínimos esixibles⁵

- Tres escalas e arpejos, das cales polo menos unha en tres oitavas.
- Tres estudos.
- Tres obras (pezas, movementos de Concertos, Concertinos, Temas con Variacións, Sonatinas, Sonatas, etc.) unha das cales deberá ser interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

7.1.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

- S. Lee: *Estudos melódicos e progresivos*
- S. Lee: Método práctico
- Dotzauer: *113 estudos*, vol 1
- Feuillard: *60 estudos do xoven violoncellista*
- Feuillard: *Exercicios diarios*
- Sevcik: *School of bowing technic Op. 2, Thumb placing exercices Op. 1*

Pezas

7 Feuillard: *Le jeune violoncelliste*

- Suzuki, Shinichi: *Cello school* (Vol. 4, vol. 5)
- J. S. Bach: *Suite I en Sol M: Minuetto, Giga, Allemande, Courante*
- A. Vivaldi, A: *Sonatas para cello e continuo*
- B. Marcello: *Sonatas para cello e continuo*
- Cirri: *sonatas*
- G. B. Brevall: *Sonata en Do M, 1º movemento*
- B. Romberg: *Sonata en Sib M 1º movemento*
- E. Elgar: *Chanson du matin*
- R. Schumann: *Traümerei*
- G. Fauré: *Sicilienne*
- J. Klengel: *Concertino en Do M*
- Outras pezas de nivel similar ou que o profesor considere adecuadas.

⁵A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

7.2. SEGUNDO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

7.2.1. Obxectivos

- Coñecer as características e posibilidades sonoras e técnicas do instrumento e saber utilízalas dentro das esixencias do nivel, xa sexa na interpretación individual como na de conxunto.
- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a concentración e a memoria.
- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Interpretar un repertorio integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde ao curso.
- Dominar os cambios de posición ata a 7ª posición e posición de polgar. Coñecer o resto de posicións e os cambios entre elas.
- Afianzar o vibrato, a diferentes velocidades e con diferente amplitude para desenvolver a súa función como elemento expresivo da música.
- Afianzar o estudo dos golpes de arco saltados: spiccato e saltillo. Perfeccionar os golpes de arco xa coñecidos.
- Desenvolver progresivamente a velocidade da man esquerda e a coordinación entre ambos os brazos.
- Tocar escalas e arpexos en tres oitavas, a diferentes velocidades e con diferentes golpes de arco.
- Continuar o estudo metódico e sistemático de dobres cordas.
- Conseguir unha interpretación adecuada ao estilo das obras.
- Ler fragmentos a primeira vista adecuados ao nivel do alumno.
- Aprender a estudar con criterio, secuenciando o tempo para resolver problemas técnicos e musicais.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.

7.2.2. Contidos

- Práctica de exercicios de relaxación e control muscular.

- Traballo dos cambios de posición.
- Desenvolvemento do vibrato.
- Perfeccionamento dos golpes de arco coñecidos. Afianzamento dos golpes de arco saltados: spiccato e saltillo.
- Práctica de acordes simples de tres e catro notas.
- Coordinación dos dous brazos. Velocidade dos dedos da man esquerda.
- Escalas e arpejos en tres oitavas: ligadas ata oito con diferentes ritmos, golpes de arco e distribucións de arco e con cambios de posición. Ligadas impares.
- Práctica dos principios da técnica de arco referidos ao control do son: relación co punto de contacto e coa velocidade e presión do arco.
- Dominio ata a 7ª posición e posición de polgar, e coñecemento do resto e os cambios entre elas.
- Estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Práctica dos harmónicos naturais.
- Coñecemento de sul ponticello e sul tasto.
- Estudo e práctica da ornamentación.
- Dobres cordas
- Desenvolvemento da calidade do son, o fraseo e a afinación.
- Estudo analítico das obras.
- Adestramento da memoria e a lectura a primeira vista.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Traballo das obras e estudos do repertorio propostas para este curso. Colocación corporal. Exercicios e estudos para a aprendizaxe dos cambios de posicións. Escalas, estudos e pezas nas diferentes posicións coñecidas, fixas e con cambios de posición. Empezar a empregar posicións de polgar (polgar sobre o primeiro hármonico natural). Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco. Exercicios para o perfeccionamento do vibrato. Continuación do traballo con golpes de arco básicos: detaché, martellé, staccato e legato, traballo do spiccato, con e sen cambios de corda, facendo uso de diferentes patróns rítmicos e articulacións. Desenvolvemento de exercicios en dobre corda, etc.

Control permanente da afinación. A escoita interna. Continuación do adestramento da memoria.

- 2º trimestre: Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso. Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato
- 3º trimestre: Desenvolvemento mediante exercicios da técnica de arco e man dereita. Desenvolvemento da escoita interior (oído interno) e a súa aplicación na afinación. Interpretación das obras de memoria. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica. Práctica da produción de un son de calidade. Desenvolvemento do traballo feito no trimestre anterior.

7.2.3. Criterios de avaliación

- Demostrar un coñecemento completo do instrumento e do arco e das súas posibilidades acústicas. Mostrar unha autonomía cada vez maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Demostrar control da postura corporal, adecuando o esforzo muscular, a respiración e a relaxación ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar unha apropiada aplicación dos aspectos técnicos e musicais aprendidos na execución das obras e estudos que conforman o repertorio do curso.
- Demostrar coñecemento das características propias do estilo das diferentes obras que constitúen o repertorio do curso e transmitilo á interpretación.
- Demostrar a correcta asimilación de conceptos técnicos, referidos tanto ao brazo dereito (suxeición e condución do arco, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.) como ao esquerdo (articulación, cambios de posición, vibrato, dobres cordas, etc.), así como á coordinación de ambos os brazos.
- Demostrar un progresivo desenvolvemento dunha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas e arpejos en tres oitavas, ligadas ata oito con diferentes ritmos, golpes de arco e distribucións de arco e con cambios de posición.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio, mostrando progresos na calidade interpretativa.

- Mostrar interese e constancia na preparación das obras e estudos.
- Demostrar ser capaz de ler a primeira vista fragmentos musicais adecuados ao nivel do alumno, con fluidez e comprensión.
- Demostrar ser capaz de memorizar e interpretar, previa análise dos elementos formais, textos musicais do repertorio.
- Demostrar unha actitude positiva nas audicións públicas, interpretando un programa adecuado ao nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

7.2.4. Contidos mínimos esixibles⁶

- Tres escalas e arpejos, das cales polo menos unha en tres oitavas.
- Tres estudos.
- Tres obras (pezas, movementos de Concertos, Concertinos, Temas con Variacións, Sonatinas, Sonatas, etc.) unha das cales deberá ser interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

7.2.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

- S. Lee: *Estudios melódicos e progresivos*, volume 1 e 2
- Dotzauer: *113 estudos*, vol 1 e 2
- Feuillard: *60 estudos do xoven violoncellista*
- Feuillard: *Exercicios diarios*
- Sevcik: *School of bowing technic Op. 2, Thumb placing exercices Op. 1*

Pezas

- J. S. Bach: *Suite I en Sol M* para violoncello só
- A. Vivaldi: Sonatas para violoncello e *continuo*
- A. Vivaldi: *Concertos para violoncello*
- B. Marcello: Sonatas para cello e *continuo*
- Cirri: sonatas

⁶A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

- Haendel: *Sonata en Do M*
- G. B. Breval: *Sonata en Do M*, 1º movemento
- G. B. Breval: *Concertino n.º 1 en Fa M*
- B. Romberg: *Sonatas para violoncello*
- E. Elgar: *Chanson du matin*
- G. Fauré: *Sicilienne*
- J. Klengel: *Concertino en Do M*
- G. Goltermann: *Concerto n.º 4 en Sol M*
- R. Mendelssohn: *Cancion sen palabras*
- C. Saint-Saëns: *O cisne*
- Hindemith: *Tres pezas fáciles*
- B. Glazunov: *Chant du menestrel*
- Outras pezas de nivel similar ou que o profesor considere adecuadas.

7.3. TERCEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

7.3.1. Obxectivos

- Coñecer as características e posibilidades sonoras e técnicas do instrumento e saber utilizalas dentro das esixencias do nivel.
- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a concentración e a memoria.
- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Interpretar un repertorio integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde ao curso.
- Dominar todas as posicións e os cambios entre elas.
- Afianzar o vibrato, de brazo e de boneca, a diferentes velocidades e con diferente amplitude para desenvolver a súa función como elemento expresivo da música.
- Afianzar o estudo dos golpes de arco saltados: spiccato e saltillo. Perfeccionar os golpes de arco xa coñecidos.

- Desenvolver progresivamente a velocidade da man esquerda e a coordinación entre ambos os brazos.
- Tocar escalas e arpejos en tres oitavas, a diferentes velocidades e con diferentes golpes de arco.
- Continuar o estudo metódico e sistemático de dobres cordas.
- Conseguir unha interpretación adecuada ao estilo das obras.
- Coñecer aspectos relacionados coa historia e repertorio do instrumento.
- Ler fragmentos a primeira vista adecuados ao nivel do alumno.
- Aprender a estudar con criterio, secuenciando o tempo para resolver problemas técnicos e musicais.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.

7.3.2. Contidos

- Práctica de exercicios de relaxación e control muscular.
- Desenvolvemento do vibrato.
- Perfeccionamento dos golpes de arco coñecidos. Afianzamento dos golpes de arco saltados: spiccato e saltillo.
- Práctica de acordes de tres e catro notas.
- Coordinación dos dous brazos. Velocidade dos dedos da man esquerda.
- Escalas e arpejos en tres oitavas: ligadas con diferentes ritmos, golpes de arco e distribucións de arco e con cambios de posición. Ligadas impares.
- Práctica dos principios da técnica de arco referidos ao control do son: relación co punto de contacto e coa velocidade e presión do arco.
- Manexo de todas as posicións e os cambios entre elas.
- Estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Práctica dos harmónicos.
- Coñecemento de recursos expresivos como: con legno, glissando e trémolo.
- Pizzicato de man esquerda.
- Estudo e práctica da ornamentación.
- Dobres cordas.

- Desenvolvemento da calidade do son, o fraseo e a afinación.
- Estudo analítico das obras.
- Adestramento da memoria e a lectura a primeira vista.
- Estratexias de aprendizaxe e hábitos de estudo correctos.
- Procura de información relativa á historia e repertorio do instrumento..
- Análise de gravacións da práctica instrumental como medio de observación e valoración da propia interpretación.
- Participación activa en audicións públicas.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Traballo das obras e estudos do repertorio proposto para este curso. Colocación corporal. Exercicios e estudos para a aprendizaxe dos cambios de posicións. Escalas, estudos e pezas nas diferentes posicións coñecidas, fixas e con cambios de posición. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco. Exercicios para o perfeccionamento do vibrato. Continuación do traballo con golpes de arco básicos: detaché, martellé, staccato e legato, ricochet e golpes saltados, traballo do spiccato, con e sen cambios de corda, facendo uso de diferentes patróns rítmicos e articulacións. Desenvolvemento de exercicios en dobre corda, etc. Control permanente da afinación. A escoita interna. Continuación do adestramento da memoria.
- 2º trimestre: Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso. Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato
- 3º trimestre: Desenvolvemento mediante exercicios da técnica de arco e man dereita. Desenvolvemento da escoita interior (oído interno) e a súa aplicación na afinación. Interpretación das obras de memoria. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica. Práctica da produción de un son de calidade. Desenvolvemento do traballo feito no trimestre anterior.

7.3.3. Criterios de avaliación

- Demostrar un coñecemento completo do instrumento e do arco e das súas posibilidades acústicas. Mostrar unha autonomía cada vez maior na resolución de

problemas técnicos e interpretativos. Demostrar coñecemento en aspectos relacionados coa historia e repertorio do instrumento.

- Demostrar control da postura corporal, adecuando o esforzo muscular, a respiración e a relaxación ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar unha apropiada aplicación dos aspectos técnicos e musicais aprendidos na execución das obras e estudos que conforman o repertorio do curso.
- Demostrar coñecemento das características propias do estilo das diferentes obras que constitúen o repertorio do curso e transmitilo á interpretación.
- Demostrar a correcta asimilación de conceptos técnicos, referidos tanto ao brazo dereito (suxeición e condución do arco, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.) como ao esquerdo (articulación, cambios de posición, vibrato, dobres cordas, pizzicato de man esquerda, harmónicos naturais, etc.), así como á coordinación de ambos os brazos.
- Demostrar un progresivo desenvolvemento dunha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas e arpejos en tres oitavas, ligadas con diferentes ritmos, golpes de arco e distribucións de arco e con cambios de posición.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio, mostrando progresos na calidade interpretativa.
- Mostrar interese e constancia na preparación das obras e estudos.
- Demostrar ser capaz de ler a primeira vista fragmentos musicais adecuados ao nivel do alumno, con fluidez e comprensión.
- Demostrar ser capaz de memorizar e interpretar, previa análise dos elementos formais, textos musicais do repertorio.
- Demostrar unha actitude positiva nas audicións públicas, interpretando un programa adecuado ao nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

7.3.4. Contidos mínimos esixibles⁷

- Tres escalas e arpejos.

⁷A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

- Tres estudos.
- Tres obras (pezas, movementos de Concertos, Concertinos, Temas con Variacións, Sonatinas, Sonatas, etc.) unha das cales deberá ser interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

7.3.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

- Dotzauer: *113 estudos*, vol 2
- A. Franchomme: *Estudos para violoncello*
- J. L. Duport: *21 estudos para violoncello*
- Feuillard: *60 estudos do xoven violoncellista*
- Feuillard: *Exercicios diarios*
- Sevcik: *School of bowing technic Op. 2, Thumb placing exercices Op. 1*

Pezas

- J. S. Bach: *Suite I ou II* para violoncello só
- G. B. Sanmartini: *Sonata en Sol M*
- A. Vivaldi: *Sonatas para violoncello e continuo*
- A. Vivaldi: *Concertos para violoncello*
- B. Marcello: *Sonatas para cello e continuo*
- Cirri: *sonatas*
- Haendel: *Sonata en Do M*
- G. B. Breval: *Concertino n.º 1 en Fa M*
- B. Romberg: *Sonatas para violoncello*
- J. Klengel: *Concertino en Do M*
- G. Goltermann: *Concerto n.º 4 en Sol M*
- R. Mendelssohn: *Cancion sen palabras*
- C. Saint-Saëns: *O cisne*
- G. Fauré: *Sicilienne*
- B. Glazunov: *Chant du menestrel*

- C. Saint-Saëns: *Allegro appassionato*
- R. Schumann: *Pezas de fantasía* (primeira peza)
- Outras pezas de nivel similar ou que o profesor considere adecuadas.

7.4. CUARTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

7.4.1. Obxectivos

- Coñecer as características e posibilidades sonoras e técnicas do instrumento e saber utilízalas dentro das esixencias do nivel.
- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a concentración e a memoria.
- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Interpretar un repertorio integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde ao curso.
- Dominar todas as posicións e os cambios entre elas.
- Afianzar o vibrato, a diferentes velocidades e con diferente amplitude para desenvolver a súa función como elemento expresivo da música.
- Perfeccionar os golpes de arco saltados e á corda.
- Desenvolver progresivamente a velocidade da man esquerda e a coordinación entre ambos brazos.
- Tocar escalas en tres oitavas con todas as variacións, en posición fixa en todas as posicións, sobre unha corda, a diferentes velocidades, con diferentes golpes de arco, etc. Arpexios.
- Continuar o estudo metódico e sistemático de dobres cordas e acordes. Traballar a polifonía no violoncello.
- Conseguir unha interpretación adecuada ao estilo das obras.
- Coñecer aspectos relacionados coa historia e repertorio do instrumento.
- Ler fragmentos a primeira vista adecuados ao nivel do alumno.
- Aprender a estudar con criterio, secuenciando o tempo para resolver problemas técnicos e musicais.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.

7.4.2. Contidos

- Práctica de exercicios de relaxación e control muscular.
- Desenvolvemento do vibrato.
- Perfeccionamento dos golpes de arco saltados e á corda.
- Práctica de acordes de tres e catro notas.
- A polifonía no violoncello.
- Coordinación dos dous brazos. Velocidade dos dedos da man esquerda.
- Tocar escalas en tres oitavas con todas as variacións, en posición fixa en todas as posicións, sobre unha corda, con dobres cordas, a diferentes velocidades, con diferentes golpes de arco, etc. Arpexos.
- Práctica dos principios da técnica de arco referidos ao control do son: relación co punto de contacto e coa velocidade e presión do arco.
- Manexo de todas as posicións e os cambios entre elas.
- Estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Práctica dos harmónicos naturais e artificiais.
- Desenvolvemento do pizzicato de man esquerda con todos os dedos.
- Estudo e práctica da ornamentación.
- Dobres cordas.
- Desenvolvemento da calidade do son, o fraseo e a afinación.
- Desenvolvemento dos tipos de portamento como medio de expresión musical.
- Análise da dixitación en función das dificultades para resolver.
- Estudo analítico das obras.
- Adestramento da memoria e a lectura a primeira vista.
- Estratexias de aprendizaxe e hábitos de estudo correctos.
- Procura de información relativa á historia e repertorio do instrumento.
- Análise de gravacións da práctica instrumental como medio de observación e valoración da propia interpretación.
- Participación activa en audicións públicas.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Traballo das obras e estudos do repertorio proposto para este curso. Colocación corporal. Exercicios e estudos para a aprendizaxe dos cambios de posicións. Escalas, estudos e pezas nas diferentes posicións coñecidas, fixas e con cambios de posición. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco. Exercicios para o perfeccionamento do vibrato. Continuación do traballo con golpes de arco básicos: detaché, martellé, staccato e legato, ricochet e golpes saltados, traballo do spiccato, facendo uso de diferentes patróns rítmicos e articulacións. Exercicios en dobres cordas. Control permanente da afinación. A escoita interna. Continuación do adestramento da memoria.
- 2º trimestre: Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso. Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Aumento progresivo da velocidade na realización de escalas e dobres cordas.
- 3º trimestre: Desenvolvemento mediante exercicios da técnica de arco e man dereita. Desenvolvemento da escoita interior (oído interno) e a súa aplicación na afinación. Interpretación das obras de memoria. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica. Práctica da produción de un son de calidade. Desenvolvemento do traballo feito no trimestre anterior.

7.4.3. Criterios de avaliación

- Demostrar un coñecemento completo do instrumento e do arco e das súas posibilidades acústicas. Mostrar unha autonomía cada vez maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Demostrar coñecemento en aspectos relacionados coa historia e repertorio do instrumento.
- Demostrar control da postura corporal, adecuando o esforzo muscular, a respiración e a relaxación ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar unha apropiada aplicación dos aspectos técnicos e musicais aprendidos na execución das obras e estudos que conforman o repertorio do curso.
- Demostrar coñecemento das características propias do estilo das diferentes obras que constitúen o repertorio do curso e transmitilo á interpretación.

- Demostrar a correcta asimilación de conceptos técnicos, referidos tanto ao brazo dereito (suxeición e condución do arco, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.) como ao esquerdo (articulación, cambios de posición, vibrato, dobres cordas, pizzicato de man esquerda, harmónicos naturais e artificiais, etc.), así como á coordinación de ambos os brazos.
- Demostrar un progresivo desenvolvemento dunha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas e arpexos con todas as variacións, con dobres cordas, a diferentes velocidades, con diferentes golpes de arco, etc.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio, mostrando progresos na calidade interpretativa.
- Mostrar interese e constancia na preparación das obras e estudos.
- Demostrar ser capaz de ler a primeira vista fragmentos musicais adecuados ao nivel do alumno, con fluidez e comprensión.
- Demostrar ser capaz de memorizar e interpretar, previa análise dos elementos formais, textos musicais do repertorio.
- Demostrar unha actitude positiva nas audicións públicas, interpretando un programa adecuado ao nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

7.4.4. Contidos mínimos esixibles⁸

- Tres escalas e arpexos.
- Tres estudos.
- Tres obras (pezas, movementos de Concertos, Concertinos, Temas con Variacións, Sonatinas, Sonatas, etc.) unha das cales deberá ser interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

7.4.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

⁸A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

- Dotzauer: *113 estudos*, vol 2 e 3
- A. Franchomme: *Estudos para violoncello*
- J. L. Duport: *21 estudos para violoncello*
- Feuillard: *Exercicios diarios*
- Sevcik: *School of bowing technic Op. 2, Thumb placing exercices Op. 1*

Pezas

- J. S. Bach: *Suite II ou III* para violoncello só
- G. B. Sanmartini: *Sonata en Sol M*
- Caix D´Hervelois: *suites n.º 1 e 2*
- A. Vivaldi: *Sonatas para violoncello e continuo*
- A. Vivaldi: *Concertos para violoncello*
- L. v. Beethoven: *Sonata en Fa M*
- L. v. Beethoven: *variacións Xudas Macabeo*
- B. Romberg: *Sonatas para violoncello*
- B. Romberg: *Concertos para violoncello*
- G. Goltermann: *Concertos para violoncello*
- G. P. Telemann: *Sonata en La M*
- J. C. Bach: *Concerto en Do m*
- L. Boccherini: *Concerto en Sol M*
- B. Bréval: *Concertinos e concertos para violoncello*
- J. Klengel: *Concertinos e concertos para violoncello*
- F. Couperin: *Pezas de concerto*
- D. Popper: *Gavotte n.º 2, op.23*
- G. Fauré: *Elegy, Après un rêve*
- P. I. Tchaikovsky: *Nocturne*
- S. Rachmaninov: *Vocalise*
- C. Saint-Saëns: *Allegro appassionato*
- R. Schumann: *Pezas de fantasía* (primeira peza)
- Fitzenhagen: *Capriccio*

- *Outras pezas de nivel similar ou que o profesor considere adecuadas.*

7.5. QUINTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

7.5.1. Obxectivos

- Profundar no dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico como técnico, buscando, dentro das características interpretativas das obras, o descubrimento das capacidades expresivas propias.
- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a concentración e a memoria.
- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Interpretar un repertorio integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde ao curso.
- Dominar todas as posicións e os cambios entre elas.
- Afianzar o vibrato, de brazo e de boneca, a diferentes velocidades e con diferente amplitude para desenvolver a súa función como elemento expresivo da música.
- Perfeccionar os golpes de arco saltados e á corda.
- Desenvolver progresivamente a velocidade da man esquerda e a coordinación entre ambos os brazos.
- Tocar escalas en tres oitavas con todas as variacións, en posición fixa en todas as posicións, sobre unha corda, a diferentes velocidades, con diferentes golpes de arco, etc. Arpexos. Escalas en catro oitavas.
- Continuar o estudo metódico e sistemático de dobres cordas e acordes. Traballar a polifonía no violoncello.
- Conseguir unha interpretación adecuada ao estilo das obras.
- Coñecer aspectos relacionados coa historia e repertorio do instrumento.
- Ler fragmentos a primeira vista adecuados ao nivel do alumno.
- Aprender a estudar con criterio, secuenciando o tempo para resolver problemas técnicos e musicais.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.

7.5.2. Contidos

- Práctica de exercicios de relaxación e control muscular.
- Desenvolvemento do vibrato.
- Perfeccionamento dos golpes de arco saltados e á corda. Coñecemento e execución de golpes de arco virtuosísticos: ricochet, staccato volante, etc.
- Práctica de acordes de tres e catro notas.
- A polifonía no violoncello. A condución das diferentes voces.
- Coordinación dos dous brazos. Velocidade dos dedos da man esquerda.
- Tocar escalas en tres oitavas con todas as variacións, en posición fixa en todas as posicións, sobre unha corda, con dobres cordas, a diferentes velocidades, con diferentes golpes de arco, etc. Arpexos. Escalas en catro oitavas.
- Práctica dos principios da técnica de arco referidos ao control do son: relación co punto de contacto e coa velocidade e presión do arco.
- Manexo de todas as posicións e os cambios entre elas.
- Estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela se refiren e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Práctica dos harmónicos naturais e artificiais. Iniciación ás escalas con harmónicos artificiais.
- Desenvolvemento do pizzicato de man esquerda con todos os dedos.
- Estudo e práctica da ornamentación.
- Dobres cordas.
- Desenvolvemento da calidade do son, o fraseo e a afinación.
- Desenvolvemento dos tipos de portamento como medio de expresión musical.
- Análise da dixitación en función das dificultades para resolver.
- Estudo analítico das obras e o fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, agónica, etc.
- Adestramento da memoria e a lectura a primeira vista.
- Estratexias de aprendizaxe e hábitos de estudo correctos.
- Procura de información relativa á historia e repertorio do instrumento.
- Análise de gravacións da práctica instrumental como medio de observación e valoración da propia interpretación.
- Participación activa en audicións públicas.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Traballo das obras e estudos do repertorio proposto para este curso. Colocación corporal. Exercicios e estudos para a aprendizaxe dos cambios de posicións. Escalas, estudos e pezas nas diferentes posicións coñecidas, fixas e con cambios de posición. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco. Exercicios para o perfeccionamento do vibrato. Continuación do traballo con golpes de arco: detaché, martellé, staccato e legato, ricochet e golpes saltados, traballo do spiccato e saltillo con e sen cambios de corda, facendo uso de diferentes patróns rítmicos e articulacións. Desenvolvemento de exercicios en dobre corda, etc. Control permanente da afinación. A escoita interna. Continuación do adestramento da memoria.
- 2º trimestre: Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso. Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
- 3º trimestre: Desenvolvemento mediante exercicios da técnica de arco e man dereita. Desenvolvemento da escoita interior (oído interno) e a súa aplicación na afinación. Interpretación das obras de memoria. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica. Práctica da produción de un son de calidade. Desenvolvemento dos golpes e arco virtuosísticos, ricochet, staccato volante e á corda, etc.. Desenvolvemento do traballo feito no trimestre anterior.

7.5.3. Criterios de avaliación

- Demostrar un coñecemento completo do instrumento e do arco e das súas posibilidades acústicas. Mostrar unha autonomía cada vez maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Demostrar coñecemento en aspectos relacionados coa historia e repertorio do instrumento.
- Demostrar control da postura corporal, adecuando o esforzo muscular, a respiración e a relaxación ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar unha apropiada aplicación dos aspectos técnicos e musicais aprendidos na execución das obras e estudos que conforman o repertorio do curso.

- Demostrar coñecemento das características propias do estilo das diferentes obras que constitúen o repertorio do curso e transmitilo á interpretación.
- Demostrar a correcta asimilación de conceptos técnicos, referidos tanto ao brazo dereito (suxeición e condución do arco, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.) como ao esquerdo (articulación, cambios de posición, posicións de polgar, vibrato, dobres cordas, pizzicato de man esquerda, harmónicos naturais e artificiais, etc.), así como á coordinación de ambos os brazos.
- Demostrar un progresivo desenvolvemento dunha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas e arpexos en tres oitavas con todas as variacións, en posición fixa en todas as posicións, sobre unha corda, con dobres cordas, a diferentes velocidades, con diferentes golpes de arco, etc. Arpexos. Escalas en catro oitavas.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio, mostrando progresos na calidade interpretativa.
- Demostrar ser capaz de ler a primeira vista fragmentos musicais adecuados ao nivel do alumno, con fluidez e comprensión.
- Demostrar ser capaz de memorizar e interpretar, previa análise dos elementos formais, textos musicais do repertorio.
- Demostrar unha actitude positiva nas audicións públicas, interpretando un programa adecuado ao nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

7.5.4. Contidos mínimos esixibles⁹

- Tres escalas e arpexos.
- Tres estudos.
- Tres obras (pezas, movementos de Concertos, Concertinos, Temas con Variacións, Sonatinas, Sonatas, etc.) unha das cales deberá ser interpretada de memoria.
- Unha audición pública como mínimo.

⁹A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

7.5.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

- Dotzauer: *113 estudos*, vol 2 e 3
- J. L. Duport: *21 estudos para violoncello*
- A. Franchomme: *Caprichos para violoncello*
- Feuillard: *Exercicios diarios*
- Sevcik: *School of bowing technic Op. 2, Thumb placing exercices Op. 1*

Pezas

- J. S. Bach: *Suite II ou III para violoncello só*
- L. Boccherini: *Concerto en Sol M*
- B. Romberg: *Concertos para violoncello*
- Davidov: *Concertos para violoncello*
- J. C. Bach: *Concerto en do m*
- J. B. Bréval: *Sonata en Sol M*
- F. J. Haynd: *Concerto en Do M*
- G. P. Telemann: *Sonata en La M*
- L. Boccherini: *Sonatas para violoncello*
- L. v. Beethoven: *Sonatas I ou II para violoncello e piano*
- L. v. Beethoven: *Variacións para violoncello e piano*
- G. Fauré: *Elexía*
- Fitzenhagen: *Capriccio*
- D. Popper: *Gavotte n.º 2, op.23*
- R. Schumann: *Pezas de fantasía*
- R. Schumann: *Adagio e allegro, op. 70*
- M. Bruch: *Kol Nidrei*
- A. Dvorak: *O silencio dos bosques*
- *Outras pezas de nivel similar ou que o profesor considere adecuadas.*

7.6. SEXTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

7.6.1. Obxectivos

- Profundar no dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico como técnico, buscando, dentro das características interpretativas das obras, o descubrimento das capacidades expresivas propias.
- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a concentración e a memoria.
- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Interpretar un repertorio integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde ao curso.
- Dominar todas as posicións e os cambios entre elas.
- Afianzar o vibrato, a diferentes velocidades e con diferente amplitude para desenvolver a súa función como elemento expresivo da música.
- Perfeccionar os golpes de arco saltados e á corda. Perfeccionar golpes de arco virtuosísticos: ricochet, staccato volante, etc.
- Desenvolver a velocidade da man esquerda e a coordinación entre ambos brazos.
- Tocar escalas en catro oitavas con todas as variacións, en posición fixa en todas as posicións, sobre unha corda, a diferentes velocidades, con diferentes golpes de arco, etc. Arpexos. Escalas en catro oitavas.
- Estudo metódico e sistemático de dobres cordas e acordes. Traballar a polifonía no violoncello.
- Conseguir unha interpretación adecuada ao estilo das obras.
- Coñecer aspectos relacionados coa historia e repertorio do instrumento.
- Ler fragmentos a primeira vista adecuados ao nivel do alumno.
- Aprender a estudar con criterio, secuenciando o tempo para resolver problemas técnicos e musicais.
- Participar en audicións públicas, só ou en conxunto, con boa afinación, son e ritmo.

7.6.2. Contidos

- Práctica de exercicios de relaxación e control muscular.
- Desenvolvemento do vibrato.

- Perfeccionamento dos golpes de arco saltados e á corda. Perfeccionar golpes de arco virtuosísticos: ricochet, staccato volante, etc.
- Práctica de acordes de tres e catro notas. Acordes con extensións, arpexiados, invertidos, etc.
- A polifonía no violoncello. A escoita polifónica e a condución das diferentes voces.
- Coordinación dos dous brazos. Velocidade dos dedos da man esquerda.
- Tocar escalas en catro oitavas con todas as variacións, en posición fixa en todas as posicións, sobre unha corda, con dobres cordas, a diferentes velocidades, con diferentes golpes de arco, etc. Arpexios. Escalas en catro oitavas.
- Práctica dos principios da técnica de arco referidos ao control do son: relación co punto de contacto e coa velocidade e presión do arco.
- Manexo de todas as posicións e os cambios entre elas.
- Estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela se refiren e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Práctica dos harmónicos naturais e artificiais. Escalas con harmónicos artificiais.
- Desenvolvemento do pizzicato de man esquerda con todos os dedos.
- Estudo e práctica da ornamentación.
- Dobres cordas.
- Desenvolvemento da calidade do son, o fraseo e a afinación.
- Desenvolvemento dos tipos de portamento como medio de expresión musical.
- Análise da dixitación en función das dificultades para resolver.
- Estudo analítico das obras e o fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, agónica, etc.
- Adestramento da memoria e a lectura a primeira vista.
- Estratexias de aprendizaxe e hábitos de estudo correctos.
- Procura de información relativa á historia e repertorio do instrumento.
- Análise de gravacións da práctica instrumental como medio de observación e valoración da propia interpretación.
- Participación activa en audicións públicas.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS:

- 1º trimestre: Traballo das obras e estudos do repertorio proposto para este curso. Colocación corporal. Exercicios e estudos para a aprendizaxe dos cambios de posicións. Escalas, estudos e pezas nas diferentes posicións coñecidas, fixas e con cambios de posición. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco. Exercicios para o perfeccionamento do vibrato. Continuación do traballo con golpes de arco: detaché, martellé, staccato e legato, ricochet e golpes saltados, traballo do spiccato e saltillo con e sen cambios de corda, facendo uso de diferentes patróns rítmicos e articulacións. Desenvolvemento de exercicios en dobre corda, etc. Control permanente da afinación. Desenvolvemento da polifonía no instrumento, aplicación da escoita polifónica e da condución das diferentes voces. A escoita interna. Continuación do adestramento da memoria.
- 2º trimestre: Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso. Desenvolvemento dos acordes con extensións, arpexiados, invertidos, etc. Afondamento na execución dos golpes e arco virtuosísticos. Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda. Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
- 3º trimestre: Desenvolvemento mediante exercicios da técnica de arco e man dereita. Desenvolvemento da escoita interior (oído interno) e a súa aplicación na afinación. Interpretación das obras de memoria. Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica e a dinámica. Práctica da produción de un son de calidade. Desenvolvemento dos golpes e arco virtuosísticos, ricochet, staccato volante e á corda, etc.. Desenvolvemento do traballo feito no trimestre anterior.

7.6.3. Criterios de avaliación

- Demostrar un coñecemento completo do instrumento e do arco e das súas posibilidades acústicas. Mostrar unha autonomía cada vez maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Demostrar coñecemento en aspectos relacionados coa historia e repertorio do instrumento.
- Demostrar control da postura corporal, adecuando o esforzo muscular, a respiración e a relaxación ás esixencias da execución instrumental.

- Demostrar unha apropiada aplicación dos aspectos técnicos e musicais aprendidos na execución das obras e estudos que conforman o repertorio do curso.
- Demostrar coñecemento das características propias do estilo das diferentes obras que constitúen o repertorio do curso e transmitilo á interpretación.
- Demostrar a correcta asimilación de conceptos técnicos, referidos tanto ao brazo dereito (suxeición e condución do arco, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc.) como ao esquerdo (articulación, cambios de posición, vibrato, dobres cordas, pizzicato de man esquerda, harmónicos naturais e artificiais, etc.), así como á coordinación de ambos os brazos.
- Demostrar o desenvolvemento dunha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e un continuo perfeccionamento da calidade do son.
- Demostrar a comprensión e correcta execución das escalas e arpexos en catro oitavas con todas as variacións, en posición fixa en todas as posicións, sobre unha corda, con dobres cordas, a diferentes velocidades, con diferentes golpes de arco, etc. Arpexos. Escalas en catro oitavas.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio, mostrando progresos na calidade interpretativa.
- Mostrar interese e constancia na preparación das obras e estudos.
- Demostrar ser capaz de ler a primeira vista fragmentos musicais adecuados ao nivel do alumno, con fluidez e comprensión.
- Demostrar ser capaz de memorizar e interpretar, previa análise dos elementos formais, textos musicais do repertorio.
- Demostrar unha actitude positiva nas audicións públicas, interpretando un programa adecuado ao nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

7.6.4. Contidos mínimos esixibles¹⁰

- Tres escalas e arpexos.
- Tres estudos.
- Tres obras (pezas, movementos de Concertos, Concertinos, Temas con Variacións, Sonatinas, Sonatas, etc.) unha das cales deberá ser interpretada

¹⁰A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

de memoria. Unha das obras será algún movemento das Suites de J.S. Bach ou outra obra para violoncello só.

- Unha audición pública como mínimo.

7.6.5. Materiais didácticos orientativos

Métodos e estudos

- J. L. Duport: *21 estudos para violoncello*
- A. Franchomme: *Estudos e Caprichos para violoncello*
- D. Popper: *40 estudos op. 73*

Pezas

- J. S. Bach: *Suite II ou III para violoncello só*
- L. Boccherini: *Concerto en Sol M, Re M e Sib M*
- F. J. Haynd: *Concerto en Do M*
- C. Saint-Säens: *Concerto en la m*
- Kavalevsky: *Concerto n.º 1*
- J. B. Bréval: *Sonata en Sol M*
- L. Boccherini: *Sonatas para violoncello*
- L. v. Beethoven: *Sonatas para violoncello e piano*
- L. v. Beethoven: *Variacións para violoncello e piano*
- B. Martinu: *Variacións sobre un tema eslovaco*
- R. Schumann: *Pezas de fantasía*
- R. Schumann: *Adagio e allegro, op. 70*
- M. Bruch: *Kol Nidrei*
- A. Dvorak: *O silencio dos bosques*
- D. Popper: *Tarantelle*
- Cassadó: *Requiebros*

8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A avaliación será **continua ou de procesos**, de forma que nos permita un control e seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto da planificación inicial.

Así mesmo, realizarase unha **avaliación inicial ou diagnóstica** que nos permita identificar os coñecementos previos do alumno, as súas destrezas, habilidades e actitudes previas para así poder planificar o traballo que deberá realizar cada alumno en particular.

En última instancia realizarase unha **avaliación final ou de resultados** ao final de cada trimestre e ao final do curso que, ao comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais, serviranos como referente para medir os avances do alumno.

Unha **avaliación criterial**, comparando o progreso do alumno coas metas establecidas previamente en relación coa súa propia situación inicial utilizarase para avaliar o progreso de alumnos con necesidades educativas especiais.

8.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O control da adquisición dos contidos e o desenvolvemento das habilidades técnicas e expresivas por parte dos alumnos realizarase a través de:

- **Traballo persoal diario:** a observación sistemática durante as clases individuais será o principal procedemento para recompilar información fiable acerca do progreso do alumno.
- **Probas prácticas:** probas técnicas, audicións, exames trimestrais e finais, exames ante tribunal, etc.

8.2. CRITERIOS E PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Traballo diario: 70%	Proba práctica: 30%
----------------------	---------------------

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

TRABALLO DIARIO:

Aplicaranse as seguintes porcentaxes:

- Técnica – 30%
- Estudos – 30%
- Obras – 30%
- Actitude – 10%

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas e interpretativas:

- Control da afinación.
- Control das dinámicas e a articulación.
- Control dos golpes de arco.
- Control do ritmo e claridade na dixitación.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Calidade do son.
- Calidade da interpretación e corrección técnica.
- Respeto aos estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras do repertorio.

Para a cuantificación, empregarase o seguinte baremo:

9 – 10

- Interpretación realizada con excelente precisión, fluidez e seguridade técnica.
- Gran control do son e a afinación.
- Excelente produción, flexibilidade e proxección do son.
- Adecuación do tempo ao estilo das obras e correcto uso do fraseo.
- Sensibilidade para o detalle musical e correcta adecuación ao estilo das pezas.
- Impecable uso das dinámicas e a articulación.
- Sentido comunicativo na interpretación.

7 – 8

- Interpretación realizada con seguridade.
- Bo control do son e a afinación.
- Tempo adecuado e mantido.
- Realización musical de todos os detalles escritos na partitura.
- Boa calidade, flexibilidade e proxección do son.
- Capacidade de resposta ao diferente estilo musical das pezas.

Correcto uso das dinámicas e a articulación.

5 – 6

- Interpretación correcta, seguridade xeral nas notas e o ritmo.
- Aceptable calidade de son e control da afinación.
- Tempo correcto e continuado.

- Limitacións no uso de recursos musicais
- Calidade, flexibilidade e proxección de son aceptable.
- Mostras evidentes dunha adecuada preparación das pezas.
- Tecnicamente correcto.

4

- Interpretación insegura, sen continuidade.
- Erros na afinación e fallos na produción do son.
- Tempo inadecuado e falta de continuidade no mesmo.
- Falta de fraseo, dinámica e articulación.
- Falta evidente de preparación das pezas. Dificultade para recuperarse dos erros.
- Tecnicamente incorrecto.

2 – 3

- Interpretación errada, grandes dificultades con notas e ritmo.
- Serios erros de afinación e falta de control do son.
- Ausencia de detalles musicais
- Tecnicamente non adecuado.
- Incapacidade para manter a continuidade do discurso musical nas pezas.
- Incapacidade para executar certas pasaxes, falta evidente de preparación das pezas.

1

- Non presenta traballo algún.

PROBA PRÁCTICA. Empregarase a seguinte rúbrica:

	Moi deficiente 1	Insuficiente 2	Aprobado 3	No
Son e técnica	É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta.	Mala calidade de son. Non usa correctamente o peso do brazo. Dificultades evidentes para coordinar as mans. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas que presenta a obra. Posición do corpo e mans	Presenta unha calidade aceptable de son (tendo en conta o nivel correspondente). Usa o peso do brazo. Coordinación entre as mans, se ben perde claridade nalgúns pasaxes. Resolve as dificultades téc-	Presenta, en boa calidade en conta o nivel correspondente). En xeral, usa o brazo, boa coordinación entre as mans, golpes de ar. En xeral, res

		inadecuada.	nicas que presenta a obra, aínda que presenta problemas en pasaxes. Posición de corpo e mans mellorable.	des técnicas obra. Mantén, en x posición adecuada mans.
Estilo, expresión e fraseo	É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta.	A interpretación está fora do estilo e carácter da obra. Os matices dinámicos (intensidade) e agónicos (tempo) son inadecuados. O fraseo e as articulacións son inadecuadas.	A interpretación adáptase aceptablemente ao estilo e carácter da obra. Matices dinámicos (intensidade) e agónicos (tempo) aceptables. O fraseo e as articulacións son aceptables aínda que non sempre adecuados ou comprensibles.	Adopta, en x lo e o carácter. Matices dinámicos (intensidade) e agónicos en xeral, adecuados. En xeral, o fraseo é aceptado. Articulacións
Fluidez, precisión rítmica, fidelidade á partitura	É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta.	Interpretación pouco fluida, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Afinación moi imprecisa. Non respecta as indicacións da partitura.	Interpretación aceptable. Tempo dentro das marxes aceptables, aínda que presenta dificultades ou inestabilidade en determinados pasaxes. Notas falsas ou imprecisións rítmicas, aínda que dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas indicacións da partitura.	Mantén, en x pretación flu estable. Toca, en xer ción nas notas no ritmo. Afinación co Respeto, en cións da part

8.3. CRITERIOS E PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para conceder a ampliación de matrícula, é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os profesores de todas as materias consideren que pode superar os do seguinte. O protocolo para seguir é o seguinte:

- 1.- O profesorado que considere a posibilidade de ampliación de matrícula, poñerá en contacto co titor do alumno.
- 2.- O titor solicitará á xefatura de estudos unha xunta evaluadora extraordinaria (ou no seu caso, unha sesión de avaliación ordinaria) coa totalidade dos profesores do alumno implicado, para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula, así como a información que se transmitirá ao alumno, pais ou tutores legal sobre o proceso. O titor levantará un acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado. Para que a ampliación de matrícula sexa posible, deberá haber un acordo unánime de todo o profesorado.
- 3.- O titor informará á familia, se é menor de idade, ou ao alumno, se é maior de idade, sobre o estado do proceso. A información achegada polo titor debe ser de carácter global, é dicir, que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de maneira colectiva por parte de todos os docentes do alumno cunha decisión unánime e firme. No

caso de que a familia ou o alumno maior de idade non desexase seguir co procedemento, este conclúe.

4. No caso de que se aconselle a súa promoción, o titor deberá informar ao alumno maior de idade ou á familia, acerca da solicitude que deberá realizar á atención da dirección do centro para levala ao consello escolar. O consello escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola dirección. Aquelas que leven o visto e praxe, serán reflectidas no acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumno deberá ir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes.

8.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

8.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Poderanse realizar exames de recuperación ao longo do curso, nos que o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda á avaliación non superada, podendo o profesor designar os contidos (escalas, estudos, obras) a interpretar na proba.

Poderanse asignar actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor:

- O profesor contemplará a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.
- Realización de actividades complementarias de reforzo: clases de reforzo fora do horario establecido se fose posible, asistencia como oínte a clases de outros alumnos, programación da practica semanal baixo supervisión dos seus pais/nais ou titores/as.

8.4.2. Probas extraordinarias de Setembro

Os alumnos que non aproben o curso dispoñerán dunha proba extraordinaria no mes de Xuño. Para superar a devandita proba, os alumnos interpretarán na mesma as obras que lles serán notificadas no seu correspondente informe de avaliación negativo. En calquera caso, teranse que alcanzar os contidos mínimos esixibles para cada curso establecidos na presente programación. En caso de dúbida o alumno deberá consultar ao profesor.

8.4.3. Procedementos de avaliación no caso da perda do dereito á avaliación continua.

Nos casos en que, dacordo co procedemento disposto, o profesor considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba que consistirá na interpretación do repertorio/escalas/estudos e/ou exercicios propostos polo profesor e correspondentes aos contidos do trimestre ou curso avaliado.

A cualificación da proba realizarase mediante a rúbrica incluída na presente programación e empregada para avaliar as probas prácticas.

9. Procedementos para a avaliación interna do departamento

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc. Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

10. Anexos

10.1. PROBA DE ACCESO AO 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos (podendo ser unha delas un estudo) da lista de obras orientativas ou outras de similar nivel. Unha das obras debe interpretarse de memoria. As obras deberán ser interpretadas con acompañamento de piano cando sexa necesario.

Criterios de avaliación:

- Mostrar dominio das tres pezas, interpretándoas cunha correcta técnica, afinación e musicalidade.
- Demostrar dominio nos cambios de posición e realízalos cunha técnica correcta.
- Demostrar un correcto uso do vibrato como recurso expresivo.
- Demostrar unha correcta utilización dos golpes de arco básicos adecuados para cada estudo ou peza a interpretar na proba.
- Mostrar un profundo coñecemento das obras, interpretándoas coas dinámicas, estilo e matices adecuados, cunha corrección esixible ao nivel elemental.

Lista de obras orientativas:

- S. Suzuki: *Cello school, vol. 3*
- J. Dotzauer: *113 estudos, vol. 1*
- S. Lee: *40 estudos melódicos e progresivos, vol. 1*
- Feuillard: *Pezas con acompañamento de piano, vol. 2*
- G. B. Bréval: *Sonata en Do M, 1º movemento*
- B. Marcello: *Sonatas para violoncello e continuo*
- A. Vivaldi: *Sonata V en mi m*
- Torelli: *Sonata en Sol M*

Nota: Para ver os contidos e a listaxe completa de materiais didácticos orientativos, consultar a programación de 4º de Grao Elemental. Para o cálculo da cualificación, valoraranse os aspectos técnicos e interpretativos fixados na presente programación, empregando asimesmo a rúbrica para a avaliación das probas prácticas (apartado 8.2).

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

10.2. PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º E 4º DE GRAO ELEMENTAL

Deberán interpretarse DÚAS pezas de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal. Os materiais didácticos orientativos serán os recollidos nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se quere acceder.

Para o cálculo da cualificación, valoraranse os aspectos técnicos e interpretativos fixados na presente programación, empregando asimesmo a rúbrica para a avaliación das probas prácticas (apartado 8.2) e efectuarase tomando en consideración o nivel do curso ao que se realiza a proba de acceso e de forma coherente cos contidos da programación didáctica. O tribunal valorará a dificultade do repertorio interpretado así como si é tocado íntegramente de memoria

LEXISLACIÓN APLICABLE: Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

10.3. PROBAS DE ACCESO DE 2º A 6º DE GRAO PROFESIONAL

Deberán interpretarse TRES pezas de diferentes estilos (podendo ser unha delas un estudio). Os materiais didácticos orientativos serán os recollidos nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se quere acceder.

Para o cálculo da cualificación, valoraranse os aspectos técnicos e interpretativos fixados na presente programación, empregando asimesmo a rúbrica para a avaliación das probas prácticas (apartado 8.2) e efectuarase tomando en consideración o nivel do curso ao que se realiza a proba de acceso e de forma coherente cos contidos da programación didáctica. O tribunal valorará a dificultade do repertorio interpretado así como si é tocado íntegramente de memoria

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional

10.4. PREMIOS FIN DE GRAO

- Poderán presentarse todos aqueles alumnos do conservatorio profesional da Estrada que finalizasen 6º de grao profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.
- O concurso terá lugar ante un tribunal único para todos os aspirantes e constituído especificamente para este fin, que será designado polo director do centro. O tribunal estará formado por tres profesores, dos que só un deles será membro da especialidade de procedencia do alumno aspirante ao premio. Non po-

derá formar parte do citado tribunal profesorado que impartise docencia directa a ese aspirante durante o curso anterior.

- Estas probas levaráanse a cabo unha vez finalizada a sesión de avaliación do fin de curso. Para os efectos de organización académica, a citada proba non se realizará despois de 20 de xuño.

CONTIDOS DA PROBA

Presentación por parte dos aspirantes dun programa adecuado á categoría da proba, cunha duración comprendida entre os 20 e os 40 minutos, sendo 20 minutos a duración mínima. O tribunal terá plena liberdade para interromper a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno.

Interpretación de memoria de polo menos una das obras do programa

Elaboración, por parte do aspirante, e posterior entrega na secretaría do Centro das notas ao programa elaboradas por él mesmo, polo menos con tres días de antelación á celebración da proba, non recolléndose ningunha fóra de prazo sen a debida xustificación, que será atendida a criterio da Dirección do Centro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Interpretar as obras mostrando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobarase que o alumno demostre unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarase segundo os seguintes indicadores:
 - Dificultade do repertorio
 - Control do ritmo e a medida.
 - Claridade e igualdade na dixitación.
 - Calidade do son.
- Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumno mediante os seguintes indicadores:
 - Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
 - Adecuación sonora aos diferentes estilos.
 - Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación.
 - Corrección na execución dos ornamentos.

- Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto de movementos, notas e tempos. Con este criterio comprobarase o rigor do alumno na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:
 - Respecto dos aires e movementos.
 - Fidelidade das indicacións agónicas e dinámicas contidas na partitura.
 - Exactitude na exposición das notas.
- Mostrar a calidade artística e unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumno mediante os seguintes indicadores:
 - Capacidade de comunicación musical.
 - Concentración ao longo do recital.